

## PROXECTO DE INTERCAMBIO CULTURAL

Durante o curso escolar 2017-2018 seguirase realizando un intercambio cultural cunha escola de Louisiana (Estados Unidos). No proxecto participarán:

- [Summerfield Elementary School](#), de Shreveport, Louisiana (Estados Unidos) a cargo de M<sup>a</sup> Beatriz Armada Manrique, mestra de Español como Segunda Lingua dentro do programa de intercambio cultural “Profesores Visitantes en Estados Unidos”.
- O [CEIP Emilia Pardo Bazán](#) de A Coruña, con M<sup>a</sup> Nieves Villar Garrote, mestra de Ed. Musical que tamén formou parte do programa “Profesores Visitantes en Estados Unidos”, como responsable.

**Temporalización:** O proxecto levarase a cabo desde Outubro a Marzo, podendo continuarse ata Maio se se considera oportuno.

### Obxectivos:

- Intercambiar a realidade de dous centros educativos de diferentes países, enriquecendo as vivencias do alumnado.
- Interesarse nas diferencias culturais e lingüísticas que existen entre os participantes.
- Traballar os contidos de Ed. Musical compartindo cancións.
- Mellorar o coñecemento do español, no caso dos estudantes de Shreveport, e o vocabulario e pronunciación do inglés no caso do alumnado da Coruña.
- Empregar e valorar as Tecnoloxías da Información e Comunicación como medio de compartir coñecementos.

### Descrición do Proxecto:

O proxecto levarase a cabo principalmente cos cursos de 3<sup>o</sup> de Ed. Primaria do Ceip Emila Pardo Bazán e cunha clase do mesmo grado do colexio de Louisiana. Consistirá no intercambio de cancións escenificadas, coas que a mestra de Shreveport poderá ensinar o español ao seus estudantes dunha forma máis lúdica, interesante e enriquecedora, ao mesmo tempo que o alumnado da Coruña traballa os contidos propios da área de Educación musical.

No intercambio de cancións terase en conta o vocabulario das mesmas e sempre que sexa posible seleccionaranse aquelas nas que aparezan as dúas linguas a traballar: o inglés e o español.

As cancións serán grabadas en vídeo e compartidas a través dunha carpeta compartida entre as responsables, para posteriormente ser colgadas na páxina web do ceip Emilia Pardo Bazán de A Coruña e se se da o caso tamén na páxina web do colexio estadounidense.